



Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 25 de abril de 2011 polo que se aproba a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/xefa do Servizo de Réxime Interior da Administración do Parlamento de Galicia.

Ao abeiro do establecido no artigo 29 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento na súa reunión do 25 de abril de 2011, acordou a aprobación da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/xefa do Servizo de Réxime Interior da Administración do Parlamento de Galicia, conforme ás seguintes bases:

Primeira.– Apróbase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/xefa do Servizo de Réxime Interior da Administración do Parlamento de Galicia, código AP 69 da relación de postos de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia.

As características do posto son as seguintes:

1. Grupo de titulación: A.
2. Nivel de complemento de destino: 28.
3. Complemento específico: 29.505,7 €
4. Centro directivo: Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela.

Segunda.– Poderán concorrer á convocatoria os funcionarios de carreira de calquera das Administracións Públicas, pertencentes ao grupo A.

Terceira.– O persoal funcionario interesado poderá presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo n.º 63 en Santiago de Compostela, no prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, nas que deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexa alegar. Para facilitar a súa participación invítase a formalizar a petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo 1.

Os aspirantes deberán achegar á súa petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos alegados.

Cuarta.– A resolución desta convocatoria farase pública no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e poderá declararse que non procede a cobertura do posto de traballo se se considera oportuno.

Quinta.– O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres días hábiles, se o destino anterior estivese na mesma localidade, ou dun



mes, se estivese en localidade distinta ou leva consigo o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do seu cesamento, se fose o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde a data seguinte á da publicación dela.

Sexta.– Contra o acordo polo que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. De non formular recurso de reposición ou contra a súa resolución expresa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte desta publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* ou da notificación expresa que resolva a vía administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta



Anexo I
Modelo de solicitude

Datos persoais:

<i>Primeiro apelido</i>	<i>Segundo apelido</i>	<i>Nome</i>
<i>DNI</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Teléfono</i>
<i>Domicilio, rúa e n.º</i>	<i>Provincia</i>	<i>Localidade</i>
<i>Corpo ou escala</i>	<i>Grupo</i>	<i>N.º R.P.</i>
<i>Destino actual</i>	<i>Grao consolidado</i>	
<i>Administración pública</i>	<i>Dependencia</i>	<i>Localidade</i>

SOLICITO: Ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo polo sistema de libre designación, anunciada por acordo de Mesa de 25 de abril de 2011, ao considerar que reúno os requisitos esixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel complemento destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade
Xefe/a do Servizo de Réxime Interior do Parlamento	28	Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados	Anos	Meses	Días
No corpo actual			
Noutros corpos			
No actual posto de traballo			
Outros destinos anteriores			
.....			
.....			
.....			
Títulos académicos:			
Coñecemento da lingua galega	Fala:	Escribe:	Entende:
Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:			
.....			
.....			
Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:			
.....			
.....			
.....			

(Lugar, data e sinatura)

Sra. presidenta do Parlamento de Galicia